



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dña. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE
BARCALA, CONCELLO DE A
ESTRADA

D. Horacio Vilas Rey
D. José Castromán López

SECRETARIO

D. José M^a Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dez de maio do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "*Castro Valente e outros*" da parroquia de San Miguel de Barcala, do concello de A Estrada.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 20/04/06, D. Horacio Vilas Rey, en representación dos veciños da parroquia de San Miguel de Barcala, do concello de A Estrada, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de varios montes como veciñais en man común para os veciños da parroquia de San Miguel de Barcala, acompañando informe técnico e pericial, diversa documentación que describe o monte, identificación, superficie, lindeiros, etc. A dita solicitude, se lle engade nova documentación por parte do solicitante en data 15/05/06, aportando novo informe técnico.

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 31/05/06, acordouse incoar expediente có carácter indicado, e nomear instructor do mesmo a D. Jesús de la Fuente Villar.



TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 06/11/06

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: A ESTRADA

PARROQUIA: BARCALA

NOME DO MONTE: "Castro Valente"

Cabida: 95 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Provincia de A Coruña (concello de Padrón), estrada Bandín-Barcala e predios particulares de Trinidad Jiménez Laceiras, Ramón Duro Barcala, Herdeiros de Eduardo Bandín Iglesias, Angelina Iglesias Dios, M^a Julia Dios Miguéns, Herdeiros de Antonio Duro, Jose Duro Fraga, Avelina Duro Morono, José Martínez Duro, Antonio Estévez Souto, Helena Souto Rebolo, Herdeiros de María Souto Rebolo, Ramón Pérez Herbojo e pista Barcala-Caeiro

Sur: Estrada Barcala-Trasande e predios particulares de Avelina Duro Morono, Manuel Simais Dios, Manuel Ares Castelao, María Bandín Buela, Ramón Pérez Herbojo, José Duro Duro, Manuel Rei Bidueiro, Herdeiros de Carmen Buela, Carmen Duro Trasande, José M^a Magán Barreiro, Ramón Conde Caeiro, Herdeiros de Leonardo Duro, Jesús Tanoira e M^a del Carmen Duro Trasande

Leste: Estrada Barcala-Caeiro e predios particulares de Ignacio Otero Ares, José R. Martínez Duro, Roberto Conde Castelao, Manuel Simais Dios, Manuel García Trasande, Josefa Rei Ares, Ana Cajaraville Castelao, José M^a Magán Barreiro, Faustino Meda Herbojo, Avelina Duro Morono, Selesio Meda Herbojo, Manuel Ares Castelao e Ramón García Fondevila

Oeste: Provincia de A Coruña (concello de Padrón)

Encravados:

Propiedade de José Laceiras e Celina Meda Dios

NOME DO MONTE: "Cibrán"

Cabida: 7 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño de carro e regato de Catarou

Sur: Predios particulares de Rosa Campos Laceiras, Herdeiros de Pedro Magán, María Caeiro Caeiro, Herdeiros de Pedro Pazos, Albino Duro Duro, Manuel Campos, Miguel Conde, María Pazos Rebolo, José R. Magán Caeiro, Jesús Conde Conde, Manuel Victoria Duro, Juan Ortigueira e Agustín Campos

Leste: Regato de Catarou e predios particulares de Leonor Campos Campos

Oeste: Camiño de carro e predios particulares de Jesús Bandín Buela, Manuel Laceiras Bandín e Ramón Pérez Herbojo

NOME DO MONTE: "Bumio"

Cabida: 23 Has. (superficie alegada na solicitude)



Lindes:

Norte: Río Ulla e predios particulares de Roberto Conde Castelao

Sur: Estrada Couso-Barcala, pistas de concentración parcelaria, camiño de carro e predios particulares de Severino Duro Dios, Gerardo e Leonor Duro Fernández, Francisco Cora Castro, José Duro Miguéns, Ramón Duro Miguéns, José Simais Castelao, Herdeiros de Antonio Garaboa e Amalia Castelao Duro

Leste: Río Ulla, regueiro do muiño de Bumio, rego da fonte da Tella, estrada Couso-Barcala e predios particulares de José R. Meda Ojea e Casimiro García López

Oeste: Río Ulla, pistas de concentración parcelaria e predios particulares de José Miguéns Piñeiro

NOME DO MONTE: "Mosqueiros"

Cabida: 14 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Río Ulla

Sur: Pista de concentración parcelaria, masa común e predios particulares de Amalia Castelao Duro, Aurelia Fraga Morono, M^a Carmen Miguéns Piñeiro, Olga Estévez Souto, Nieves e Josefina Bandín Vázquez, Leonor Duro Fernández e José Laceyra Meda

Leste: Pista de concentración parcelaria que a separa de predios de Guillermo Estévez Estévez

Oeste: Pista de concentración parcelaria

NOME DO MONTE: "Suatorre"

Cabida: 3 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Pista de concentración parcelaria

Sur: Predios particulares de Delia Conde Miguéns e Ramón García Fondevila

Leste: Predios particulares de Elisardo Duro Bragaña, María Castelao Pérez, Guillermo Estévez Estévez e Gerardo Duro Fernández

Oeste: Pista de concentración parcelaria e predios particulares de Elisardo Duro Graña e José M^a Martínez Martínez

QUINTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.



Terceiro.- O uso en man común dos montes solicitados, tense suficientemente acreditado tanto pola documentación aportada polo solicitante, como polo informe do servizo de Montes e Industrias Forestais de data 06/11/06, como pola visita xirada ós montes obxecto do presente procedemento polo instructor no que se constata tanto a vocación forestal deles, o seu valor ecolóxico e forestal e o seu aproveitamento veciñal.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común os montes "Castro Valente e outros", a prol dos veciños da parroquia de San Miguel de Barcala, do concello de A Estrada, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





PROVINCIA DA CORUÑA
Concello de Padrón

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Concello da Estrada



Nº DA FOLLA C.O.T.O.P. 120-56 120-57 120-66 120-67		OBSERVACIÓNS : — LIÑA LIMITE DE PARCELA CLASIFICADA, FACILITADA POLO XURADO PROVINCIAL DE MONTES.	
AUTOR : SERVICIO DE MONTES		DATA : SET.-2007	TRABALLO : CLASIFICACION MONTE : CASTRO VALENTE E OUTOS. C.M.V.M.C.: S. MIGUEL DE BARCALA CONCELLO : A ESTRADA
BASE CARTOGRAFIA A ESCALA 1/5000 DA C.O.P.T.U. E ORTOFOTO COLOR		ESCALA : 1/5.000	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA Id: 2680